



Alejandro Rouco chega a Grafenco hai dous anos, tras ser seleccionado para ocupar o posto de xerente nesta imprenta que COGAMI ten en Lugo.

A aterraxe de Alejandro veu acompañada de cambios e actualizacións como son a nova imaxe corporativa, a estrea dunha páxina web e a adquisición de maquinaria que mellorará o servizo que presta este centro especial de emprego.



Alejandro Rouco, xerente de Grafenco

Como é a túa chegada a Grafenco, como xorde a oportunidade?

Comezo a traballar en Grafenco en xuño de 2019, despois de que a empresa na que levaba traballando dezasete anos se trasladara a Madrid e eu, por motivos familiares, decidín quedar en Lugo. Unha antiga compañeira miña contoume que empezara a traballar en COGAMI, faloume da Organización, dos seus proxectos empresariais, da súa implicación social e das necesidades de persoal. Isto chamoume a atención, polo que decidín buscar máis información e, ao mesmo tempo, entreguei o meu curriculum. Tras unha serie de entrevistas de selección de persoal, comecei a traballar como xerente nesta imprenta de Lugo.

As túas ocupacións anteriores tiñan algo que ver con este ámbito?

En certa maneira si porque viña de traballar como director financeiro nunha fábrica de papel e bolsas de agasallo, en estreita colaboración coa xerencia. Como era unha empresa familiar, tamén mantiven moita relación cos donos, obtendo así unha visión global do negocio. Unha imprenta como Grafenco é un mundo complexo tecnicamente, moi dinámico e cunha orientación ao cen por cen dirixida ao cliente. Cada traballo é distinto e é o cliente o que trae a súa idea para plasmar no papel. Quero incidir en que a acollida por parte

das miñas compañeiras e compañeiros foi moi boa. Traballo con xente con grande experiencia que se esforzou dende o principio en que a miña incorporación fora a mellor posible.

A túa chegada a Grafenco vén con cambios, como a actualización da imaxe corporativa. Como é agora?

Somos unha empresa con máis de 20 anos de experiencia e isto é algo do que sentirse orgulloso e debemos poñelo sempre en valor. Nesta empresa hai moi boas e bos profesionais que en situacións complexas souberon facer o seu traballo dando imaxe de calidade e bo servizo. Agora ben, nestes momentos estamos vivindo un cambio moi grande no noso sector debido a que a imprenta tradicional como tal, está sufrindo un retroceso moi grave nas liñas de negocio, baseándose en novos hábitos de consumo ou na dixitalización, por exemplo. Doutra banda, estanse desenvolvendo outras demandas como deseño de imaxe corporativa, packaging ou etiquetado, que implican gañar un público que é novo e exigente. Tamén en Grafenco temos implicación en potenciarnos como o centro especial de emprego que somos, sobre todo entre a mocidade para que nos teña como alternativa atractiva e real no ámbito profesional. Neste sentido, estamos realizando presentacións en centros educativos, especialmente de

secundaria e formación profesional.

Actualízase a imaxe e tamén a páxina web, ferramenta imprescindible hoxe en día para darse a coñecer entre a clientela. Como é a nova páxina web de Grafenco?

Hoxe a páxina web é o teu escaparate máis importante e o teu medio de comunicación por excelencia. Cambiamos o formato e o contido para trasladar o noso modelo de empresa a unha páxina de formato áxil, limpa, coa difusión de todas as nosas novidades a través de novas nas que lle prestamos a importancia que se merecen. Na nosa páxina web www.grafenco.gal amosámonos como somos, o que podemos ofrecer e co noso lema *Un punto de impresión*, queremos poñer en valor o noso traballo.

“Somos unha empresa con máis de 20 anos de experiencia e isto é algo que debemos poñer sempre en valor”

Seguimos anunciando actualizacións na imprenta, como a adquisición de maquinaria de impresión dixital. Que melloras van supoñer estas novas incorporacións ao traballo definitivo?

As novas adquisicións de maquinaria, tanto para impresión como para corte, son un complemento, outra vía de negocio á que xa tiñamos coa impresión offset. Permítenos facer traballo de menor tirada a prezos competitivos e de moi boa calidade con

materiais diferentes, como poden ser o traballo en vinilo, plastificado, cartón e, sobre todo, podendo adaptarnos rápida e perfectamente ás necesidades da nosa clientela. Podemos amosar prototipos e mostras para poder desenvolver produtos novos que cumpran as expectativas expostas e personalizadas.

Nos tempos que corren agora mesmo, non podemos obviar o falar do COVID-19 e a súa afectación ao mercado en xeral. Como está traballando Grafenco actualmente?

Non hai dúbida de que é unha situación tremendamente complexa a que vivimos actualmente por mor do COVID-19. Teño que dicir que, ao ser provedores de hospitais e empresas de alimentación, Grafenco non deixou de traballar nin un só día pola pandemia, pero o noso volume de negocio viuse sensiblemente reducido a causa dos cambios na maneira de traballar de empresas e institucións. O teletraballo, a dixitalización, o peche temporal de moitas empresas ocasionou que o noso modelo de negocio tradicional estea moi cuestionado e nos obrigue á busca de alternativas, a mirar a outros lugares e maneiras de traballar, sempre contando co grupo de bos profesionais que forman esta empresa.